

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día seis de setembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE AGOSTO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 30 de agosto de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 30 de agosto de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Orde de 22 de agosto de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se amplía o prazo de presentación da documentación xustificativa establecido na Orde de 21 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións a entidades locais para actuacións destinadas ao acondicionamento e mellora das instalacións dos espazos termais de uso lúdico da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento IN308C). DOG núm 165, do 31-08-2022.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 26 de agosto ao 1 de setembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1503/2022 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 1531/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1503/2022	26-08-2022	Contrato menor "Pavimentación de beirarrúas na rúa Río Mero, Río Miño e acceso á praza Amador e Daniel. A Barcala. (Fase 2)" (certificación num 5 final)
1504/2022	26-08-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de agosto de 2022
1505/2022	26-08-2022	Aprobación nómina agosto 2022
1506/2022	26-08-2022	Licenza de primeira ocupación para as vivendas unifamiliares pareadas sitas no lugar de Roncesvalles, parroquia de Brexo (parcelas 17-18) promovido por RH, S.L.
1507/2022	26-08-2022	Denegación troco domicilio para a rúa Otero Pedraio 12, a CPA
1508/2022	27-08-2022	Permisos e licenzas de persoal para lactancia e vacacións de MLL
1509/2022	29-08-2022	Orde de execución vexetación en vía pública Graduill. Cambre
1510/2022	27-08-2022	Inspección Tributaria.- Expediente de Alta de Oficio en Padrón fiscal da taxa de Rede de sumidoiros do concello de Cambre
1511/2022	29-08-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 11.597,95 euros
1512/2022	29-08-2022	Licenza para legalizar a reforma e ampliación da vivenda unifamiliar sita na Mota, Cecebre promovido por RRL
1513/2022	29-08-2022	Licenza para a instalación de terraza en solo de dominio privado fronte ao café bar situado na rúa Castellana, parroquia de Cambre. expediente: 03/11/82 terraza en domino privado
1514/2022	29-08-2022	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao garaxe comunitario situado na rúa Otero Pedraio, núm. 7-911 con dúas entradas; por Otero Pedraio 11 e pola rúa perpendicular que vai a praza de Fernando Buesa, O Temple, garaxe de tres plantas con acceso por Otero Pedraio, 11 e pola rúa perpendicular. expediente de actividade núm.: 04/15/03. Solicitante: C. de P Otero Pedraio
1515/2022	29-08-2022	Autorización para transmitir mortis causa o dereito da uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 157, letra D, no cemiterio municipal a favor de MMBR



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1516/2022	29-08-2022	Autorización transmisión do dereito de uso privativo das urnas perimetrais sinaladas ao número 109, letras ABC e D a favor de dona MCUV
1517/2022	30-08-2022	Expediente de xeración de crédito número 10/2022. Novidades editoriais en galego e mellora das coleccións bibliográficas. Programa B
1518/2022	30-08-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: NGQE
1519/2022	30-08-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xullo de 2022, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de agosto de 2022
1520/2022	30-08-2022	Expediente sancionador pola construción dun volume arrimado a unha da fachadas da edificación principal parcela sita en Telva, Sigrás, MBRE e RAMR
1521/2022	30-08-2022	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 14.722,79 euros
1522/2022	30-08-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras consistentes na demolición dun volume existente e a construción dun novo, no lugar de Telva, Sigrás. Propiedade: MBRE e RAMR
1523/2022	31-08-2022	Avocación e aprobación do expediente relativo á organización do evento "Xuntanza do Maior" a celebrar en outubro do 2022. Expediente 2022/C004/000028.
1524/2022	31-08-2022	Autorización celebración "Os cantos do demo" e horario
1525/2022	31-08-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1526/2022	31-08-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1527/2022	01-09-2022	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida. Solicitante: DRP
1528/2022	01-09-2022	Corrección de erro Resolución nº 1434/2022 de data 17/08/2022
1529/2022	01-09-2022	Nomeamento conserxe interino educación
1530/2022	01-09-2022	Xeración de crédito Obradoiro de Emprego PROXEDIS-Cambre. 2022-23
1531/2022	01-09-2022	Designación vogal suplente do tribunal para a selección do alumnado traballador e do persoal do obradoiro de emprego "PROXEDIS Cambre" 2022/23

4º.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Aprobación do "PBE de Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravio", tras a súa corrección de xullo 2022.
- Aprobación do proxecto denominado "Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre", tras a súa

corrección de xullo 2022.

- Aprobación do proxecto "Reordenación da contorna do parque infantil da r/Francisco Rodríguez. Cambre", tras a súa corrección de xullo 2022.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

4 A) APROBACIÓN DO "PBE DE MELLORA FUNCIONAL DO ESPAZO EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL DE PRAVIO", TRAS A SÚA CORRECCIÓN DE XULLO 2022.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 2 de setembro de 2022 (CVD: sAl6LHvHM/zrW4/e7pFO) relativa á aprobación do "PBE de mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravio", tras a súa corrección de xullo 2022", que transcrita di:

"PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO E OBRAS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto "Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravio", redactado por don José Ramón Díaz Barbeito, Arquitecto municipal; obra incluída dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2021":

Con data do 25 de maio de 2022, foi publicada na Plataforma de contratación do Sector Público, a licitación de dita obra co número de expediente 2022/C003/000004, cun orzamento de contrata que ascende a 34.994,31€

Segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 21 de xuño de 2022, o expediente para a contratación da obra "Mellora funcional do espazo exterior do Centro social de Pravio", declarouse deserto, por falta de licitadores.

Á vista da declaración de deserto, e tras consultar os motivos que levaron á mesma, emitíuse informe polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito no que se dispón que o que puido motivar que a obra quedase deserta, era o incremento de prezos inusual (madeira un 125%, pedra un 68%, aceiro un 55,42%, electricidade un 37,50%, man de obra un 24% e o transporte un 23,75%). Ademais, co inicio en febreiro de 2022 da invasión rusa de Ucraína, eses incrementos sinalados quedaron reducidos a meras anécdotas; o que leva a que a totalidade dos proxectos redactados con anterioridade a estes últimos acontecementos, non atopa licitador para a súa execución; como é o caso que nos ocupa.

Así pois, o proxecto foi corrixido polo técnico municipal redactor do mesmo, o arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, e asinado o 23 de agosto de 2022, cun novo orzamento que ascende a un total de 67.994,30€, sen que se modificase o obxecto do proxecto.

Segundo resolución de Alcaldía número 1324/2019 de data 1 de xullo de 2019, delégase na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento Orgánico Municipal, as competencias desta Alcaldía como órgano de contratación respecto, entre outros puntos, "a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento".

Logo de ver que o proxecto denominado “PBE de Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravio”, está incluído no orzamento municipal de 2022, concretamente na aplicación 933 63200, compete á Xunta de Goberno Local a aprobación deste proxecto.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto corrixido denominado “PBE de Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravio”, redactado polo arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, e asinado electronicamente o 23 de agosto de 2022, cun orzamento total de 67.994,30€.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 2 de setembro de 2022 (CVD: sAl6LHvHM/zrW4/e7pFO), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4 B) APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “REMODELACIÓN DA PARADA DE BUS DE R/TAPIA, CAMBRE”, TRAS A SÚA CORRECCIÓN DE XULLO 2022.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 2 de setembro de 2022 (CVD: ab7Sfw6u9R+FFUdzVjS7), relativa á aprobación do proxecto denominado “Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre”, tras a súa corrección de xullo 2022”, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO E OBRAS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto “Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre”, redactado por don Alejandro Peña López, enxeñeiro de camiños, canles e portos de L2 Ingeniería; obra incluída dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2021”:

Con data do 11 de maio de 2022, foi publicada na Plataforma de contratación do Sector Público, a licitación de dita obra co número de expediente 2022/C003/000003, cun orzamento de contrata que ascende a 35.717,93€

Segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 7 de xuño de 2022, o expediente para a contratación da obra “Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre”, declarouse deserto, por falta de licitadores.

Á vista da declaración de deserto, e tras consultar os motivos que levaron á mesma, emitíuse informe polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito no que se dispón que o que puido motivar que a obra quedase deserta, era o incremento de prezos inusual (madeira un 125%, pedra un 68%, aceiro un 55,42%, electricidade un 37,50%, man de obra un 24% e o transporte un 23,75%). Ademais, co inicio en febreiro de 2022 da invasión rusa de Ucraína, eses incrementos sinalados quedaron reducidos a meras anécdotas; o que leva a

que a totalidade dos proxectos redactados con anterioridade a estes últimos acontecementos, non atopa licitador para a súa execución; como é o caso que nos ocupa.

Así pois, o proxecto foi corrixido polo técnico redactor do mesmo, don Alejandro Peña López, enxeñeiro de camiños, canles e portos de L2 Ingeniería, e asinado o 28 de xullo de 2022, cun novo orzamento que ascende a un total de 47.815,24€, sen que se modificase o obxecto do proxecto.

Logo de ver que a obra denominada “Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre”, asinada o día 28 de xullo de 2022, conta co informe conforme ao proxecto do Arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, con data 1 de setembro de 2022.

Segundo resolución de Alcaldía número 1324/2019 de data 1 de xullo de 2019, delégase na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento Orgánico Municipal, as competencias desta Alcaldía como órgano de contratación respecto, entre outros puntos, “a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento”.

Logo de ver que o proxecto denominado “Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre”, tras a súa corrección de xullo 2022, está incluído no orzamento municipal de 2022, concretamente na aplicación 1532 61900, compete á Xunta de Goberno Local a aprobación deste proxecto.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto denominado “Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre”, asinado electronicamente o 28 de xullo de 2022, cun orzamento total de 47.815,24€.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 2 de setembro de 2022 (CVD: ab7Sfw6u9R+FFUdzVjS7), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4 C) APROBACIÓN DO PROXECTO “REORDENACIÓN DA CONTORNA DO PARQUE INFANTIL DA R/FRANCISCO RODRÍGUEZ. CAMBRE”, TRAS A SÚA CORRECCIÓN DE XULLO 2022.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 2 de setembro de 2022 (CVD: Crncse4cb0DFeXmOTiH1), relativa á aprobación do proxecto “Reordenación da contorna do parque infantil da r/ Francisco Rodríguez. Cambre”, tras a súa corrección de xullo 2022”, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO E OBRAS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2021, aprobou o proxecto “Reordenación da contorna do parque infantil da r/Francisco Rodríguez. Cambre”, redactado por don Alejandro Peña López; obra incluída dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2021”:

Con data do 11 de maio de 2022, foi publicada na Plataforma de contratación do Sector Público, a licitación de dita obra co número de expediente 2021/C003/000004, cun orzamento de contrata que ascende a 69.802,41€.

Segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 7 de xuño de 2022, o expediente para a contratación da obra "Reordenación da contorna do parque infantil da r/Francisco Rodríguez. Cambre", declarouse deserto, por falta de licitadores.

Á vista da declaración de deserto, e tras consultar os motivos que levaron á mesma, emitíuse informe polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito no que se dispón que o que puido motivar que a obra quedase deserta, era o incremento de prezos inusual (madeira un 125%, pedra un 68%, aceiro un 55,42%, electricidade un 37,50%, man de obra un 24% e o transporte un 23,75%). Ademais, co inicio en febreiro de 2022 da invasión rusa de Ucraia, eses incrementos sinalados quedaron reducidos a meras anécdotas; o que leva a que a totalidade dos proxectos redactados con anterioridade a estos últimos acontecementos, non atopa licitador para a súa execución; como é o caso que nos ocupa.

Así pois, o proxecto foi corrixido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, don Alejandro Peña López, redactor do mesmo, e asinado o 28 de xullo de 2022, cun novo orzamento que ascende a un total de 91.443,15€, sen que se modificase o obxecto do proxecto.

Segundo resolución de Alcaldía número 1324/2019 de data 1 de xullo de 2019, delégase na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento Orgánico Municipal, as competencias desta Alcaldía como órgano de contratación respecto, entre outros puntos, "a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento".

Logo de ver que o proxecto denominado "PBE de Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravio", está incluído no orzamento municipal de 2022, concretamente na aplicación 933 63200, compete á Xunta de Goberno Local a aprobación deste proxecto.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto corrixido denominado "Reordenación da contorna do parque infantil da r/Francisco Rodríguez. Cambre", tras a súa corrección de xullo 2022, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Alejandro Peña López, e asinado electronicamente o 28 de xullo de 2022, cun orzamento total de 92.443,15€."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 2 de setembro de 2022 (CVD: Crncse4cb0DFeXmOTiH1), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo